

Na reunión mantida o día 14 entre, por unha parte o Reitor e a Xerencia e por outra parte o Comité de Empresa, quedouse en que este último transmitise por escrito as bases para un posible acordo respecto da RPT. En aras de chegar a ese acordo, e aprazando reclamacións históricas e necesidades do colectivo, consideramos que o mínimo que debe reflectirse na RPT é o seguinte:

- Mantemento das prazas xa consolidadas en anteriores RPT's:
 - Coordinador de deportes
 - Auxiliar de servizos na Reitoría
 - Auxiliar de servizos na Facultade de Económicas

- Compromiso de negociar unha nova RPT no ano 2011 que contemple cando menos:
 - Incluir na RPT todos os postos de traballo propios de PAS laboral realizados por empresas alleas a universidade (ETT's, 3+3, etc).
 - Continuar coa prometida profesionalización, situando como responsable de cada unidade e servizo a un pas laboral, e reflectindo estas prazas na RPT (Moitas de estas prazas xa se están pagando mediante complementos).

Analizando o documento aprécianse os seguinte erros técnicos:

- Falta de clarificación nas denominacións e localizacións dalgunhas das prazas da RPT, sobre todo nas áreas de conserxaría, laboratorios (CITEEC, CIT, SAI, centros...) e do SIC, servizo onde se debe de abordar o cambio de denominación dalgunha das áreas conforme ao negociado.
- A xornada laboral do Técnico Superior de Cultura é ilegal, mentres non se recolla no Convenio Colectivo.
- O novo posto de traballo creado para reforzar as tardes no Campus de Ferrol debe ser o único que soporte esa tarefa cando fora necesario.

Na Coruña a 16 de xullo de 2010.

Presidente do Comité de Empresa

Asdo.: José Manuel Portela

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
SRA. XERENTA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA